



PROXECTO DE ADDENDA AO ACORDO DO 20 DE XUÑO DE 1995

A disposición adicional primeira do Acordo do 20 de xuño de 1995 polo que se regulan o acceso e as condicións de traballo do persoal docente interino e substituto dependente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria que imparte ensinanzas distintas das universitarias, queda redactado do seguinte xeito:

“1. Mentres non se realice concurso-oposición na especialidade de organización e xestión comercial, as interinidades e substitucións das especialidades de administración de empresas e organización e xestión comercial cubriranse cunha única lista.

Cando se convoque o concurso-oposición nesta especialidade, configurarase a lista da mesma entre os presentados ao concurso-oposición, tendo en conta que terán prioridade as persoas pertencentes á lista de Administración de Empresas incluídos no punto 1 do apartado 2 do presente acordo.

2. Mentres non se realice concurso-oposición na especialidade de procesos de xestión administrativa, as interinidades e substitucións das especialidades de procesos de xestión administrativa e procesos comerciais cubriranse cunha única lista.

Cando se convoque o concurso-oposición nesta especialidade, configurarase a lista da mesma entre os presentados ao concurso-oposición, tendo en conta que terán prioridade as persoas pertencentes á lista de Procesos Comerciais incluídos no punto 1 do apartado 2 do presente acordo.

3. Mentres non se realice concurso-oposición na especialidade de operacións de proceso, as interinidades e substitucións das especialidades de laboratorio e operacións de proceso cubriranse cunha única lista.

Cando se convoque o concurso-oposición nesta especialidade, configurarase a lista da mesma entre os presentados ao concurso oposición, tendo en conta que terán prioridade as persoas pertencentes á lista de laboratorio incluídos no punto 1 do apartado 2 do presente acordo.

4. O establecido na epígrafe 2 do punto segundo do presente acordo será de aplicación ás especialidades nas que se convoque procedemento selectivo de ingreso a partir do ano 2017, incluído este.